



INFORMA



Resolución do 13 de outubro de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes definitivas de aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias de atención especializada na categoría de médico de urxencias hospitalarias.

A convocatoria da citada categoría foi formalizada por resolución deste centro directivo do 26 de abril de 2006 (DOG nº 90, do 11 de maio).

Facendo uso das atribucións conferidas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (Diario Oficial de Galicia nº 56, do 21 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta División

RESOLVE:

Primeiro. Darlle publicidade ás listaxes definitivas de aspirantes inscritos na categoría de médico de urxencias hospitalarias, incluíndo a relación de aspirantes admitidos, coa súa puntuación e orde de prelación, así como a de aspirantes excluídos, indicando as causas da súa exclusión; de acordo co establecido na norma xeral 6.1.3 do Pacto sobre selección temporal (DOG núm. 104, do 1 de xuño de 2004) e co punto sétimo da convocatoria, unha vez resoltas as reclamacións interpostas contra a resolución do 27 de xullo de 2006 pola que se daba publicidade ás listas provisionais.

Segundo. Estas listaxes definitivas serán publicadas nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do SERGAS e dos centros asistenciais dependentes delas, así como na páxina web do SERGAS (www.sergas.es)

Terceiro. Contra a presente resolución os interesados poderán presentar recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do SERGAS, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2006

Antonio José Fernández Paniagua

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde